

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA A COORDINACIÓN DO PROXECTO DE INCORPORACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS A UN SISTEMA MULTIMEDIA DE XESTIÓN BIBLIOTECARIA EN REDE**

En Santiago de Compostela, a dezasete de marzo de dous mil catro

**REUNIDOS**

Por unha parte, o Excmo. Sr. D. Jesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro, e das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E por outra parte, o Excmo. D. Salustiano Mato de la Iglesia, Presidente do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, CIF Q1500279C, con domicilio en Hórreo 61-1º Andar, e actuando en nome e representación deste organismo, acorde có acta de constitución de data 29 de novembro de 2001.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

## EXPOÑEN

- PRIMEIRO.-** Que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual, está a desenvolver unha política de potenciación das novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio de achega-la realidade galega ó cidadán, favorece-lo seu desenvolvemento integral, reforza-la identidade galega e mellora-los servicios que a Xunta de Galicia, como Administración Autónoma, presta á sociedade galega.
- SEGUNDO.-** Que a Consellería puxo en marcha un proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema de xestión bibliotecaria en rede, ubicado nas instalacións do Centro Multimedia de Galicia. O software adquirido pola Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual para a xestión da Rede de Bibliotecas de Galicia é *Millennium* da empresa *Innovative Interfaces*.
- TERCEIRO.-** Que o Consorcio de Bibliotecas Universitaria de Galicia é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia que ten como obxectivo fundamental o apoio á calidade dos servicios bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria, xestionando a tal fin o catálogo colectivo das bibliotecas integradas no mesmo.
- CUARTO.-** Que o Consorcio de Bibliotecas Universitaria de Galicia xestiona os sistemas *Millenium* das tres universidades galegas e administra o seu propio sistema de bibliotecas, que alberga os recursos electrónicos de Bugalicia.
- QUINTO.-** Que o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia dispón de persoal cualificado e con experiencia na xestión e administración do software *Millennium*.

**SEXTO.-** Que o Consorcio e a Consellería consideran conveniente colaborar no proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.

Na súa virtude, as partes asinan o presente convenio de acordo coas seguintes:

### **ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é establecer as normas polas que se regulará a colaboración entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, para a coordinación do proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.

**SEGUNDA.-** O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia comprométese a:

- 1.- Coordinar ó persoal e ás accións emprendidas para a incorporación das bibliotecas públicas ó sistema de xestión *Millennium* da Rede de Bibliotecas de Galicia, baixo a supervisión da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo.
- 2.- Formar na administración e mantemento do sistema, no módulo de catalogación, no módulo de circulación e no entorno web de *Millennium* ó equipo de traballo da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 3.- Configurar e poñer en marcha o módulo de circulación.
- 4.- Soporte técnico para administrar o sistema de xestión *Millennium* e o servidor que o alberga.

**TERCEIRA.-** Quedan fora do obxeto de colaboración ás seguintes tarefas, propias da xestión do Catálogo Colectivo da Rede de Bibliotecas de Galicia:

- Elaborar o manual de procedemento de catalogación
- Manter a coherencia do catálogo colectivo en función das normas comúns de catalogación:
  - Revisión da descrición bibliográfica dos rexistros do catálogo
  - Control de duplicados no catálogo
- Manter o ficheiro de autoridades/encabezamentos do catálogo:
  - Informes de encabezamentos
  - Creación de autoridades
  - Cambios globais de autoridades
  - Control de rexistros de autoridade duplicados
  - Control de referencias cegas
- Dar soporte on-line y telefónico no referete ás incidencias e dudas relacionadas coa catalogación de calquer tipo de documento.

**CUARTA.-** A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, comprométese á poñer a disposición do proxecto a tres persoas para a realización das seguintes funcións:

- 1.- Administrar o sistema de xestión *Millennium* e o servidor que o alberga.
- 2.- Habilitar ás ferramentas necesarias para a utilización dunha interface común de catalogación (GUICAT).
- 3.- Mantemento do módulo de circulación, acorde coa incorporación de novas bibliotecas ó préstamo compartido.
- 4.- Habilitar ás ferramentas necesarias para a utilización dunha interface común de préstamo (MILCIRC).

5.- Formar nos módulos de catalogación e circulación ás bibliotecas que se incorporen ó sistema de xestión *Millennium* da Rede de Bibliotecas de Galicia.

6.- Desenvolvemento das webs do sistema Millenium.

7.-Estudio da migración de rexistros dos sistemas bibliotecarios existentes na Rede de bibliotecas de Galicia ó sistema *Millennium*.

8.- Dar soporte on-line e telefónico sobre as posibles incidencias e dudas relacionadas co funcionamento do software *Millennium* da Rede de Bibliotecas de Galicia.

**QUINTA.-** A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual, comprométese ó seguinte:

- Supervisar ás accións emprendidas polo Consorcio no sistema de xestión bibliotecaria *Millennium* adquirido para a xestión da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- Dotar do mobiliario e equipamento informático necesario para a incorporación das tres persoas ó proxecto da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- Manter e garantir a seguridade da rede de comunicacións que alberga o servidor do sistema *Millennium* e dos equipos conectados a él.

**SEXTA.-** A aportación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia a cantidade de 84.000 €, con cargo a aplicación orzamentaria 10.04.361 A 640.1 dos orzamentos vixentes.

O pagamento deste importe efectuaráse previa certificación do Presidente do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e coa conformidade do director xeral de Comunicación e Audiovisual .

**SEPTIMA.-** O presente convenio producirá efectos dende o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2004 .

**OITAVA.-** Ó abeiro do presente convenio constituese unha Comisión de Seguimento e Coordinación das accións que se recollen no presente convenio e que estará constituída por:

- Dúas persoas designadas pola Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual
- Dúas persoas designadas polo Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

**OITAVA.-** O presente convenio poderá extinguirse por:

- Mutuo acordo entre as partes
- En caso de incumprimento por algunha das partes dos compromisos adquiridos no presente convenio.

**NOVENA.-** O presente Convenio terá natureza administrativa e corresponderá os órganos da Xunta de Galicia resolve-las dúbidas que plantexe a súa interpretación, previa audiencia da outra parte, e á xuridición contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo poidan derivarse.

En proba de conformidade e obrigándose ó seu cumprimento, asinan o presente documento no lugar e data indicados.

Pola Consellería de  
Comunicación e Audiovisual

Polo Consorcio de Bibliotecas  
Universitarias de Galicia

Asdo: Jesús Pérez Varela

Asdo. Salustiano Mato de la Iglesia

## **MEMORIA**

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual, ten como obxeto, promover, implantar e divulgar en toda Galicia unha serie de servicios baseados nas redes de telecomunicación que ofrezan alternativas de traballo e emprego, especialmente para os máis xoves, para elo está a apoiar proxectos que vaian nesta liña de actuación.

Neste sentido, executa o Proxecto da Rede de Bibliotecas de Galicia, a través do cal se pretende acadar unha biblioteca virtual de Galicia ó servicio da poboación galega, nun intento máis de rentabilizar o uso das novas tecnoloxías ó servicio da cultura.

A colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitaria de Galicia, por medio do convenio que nos ocupa, é para a coordinación do proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.

Por todo elo, precísase a subscripción dun convenio de colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, co obxecto de desenvolver ó máis satisfactoriamente estas actuacións, para o que a Consellería aportará en concepto de colaboración a cantidade de 84.000 euros, que se imputará á aplicación presupostaria 10.04.361 A 640.1, dos vixentes presupostos.

Santiago de Compostela, a 3 de marzo de 2004

O DIRECTOR XERAL DE  
COMUNICACIÓN E AUDIOVISUAL

Asdo.: Ignacio José Otero López

Consonte ó acordo do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vintenove de xuño de dous mil, polo que se aproban as *instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das mesmas, calquera que sexa a figura xurídica que adopten*, infórmase a esa Dirección Xeral da intención de suscribir un convenio de colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para a coordinación do proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema de xestión bibliotecaria en rede por importe de 84.000 €

Asemade, ó abeiro do referido acordo, solicítase a emisión dun informe, de carácter preceptivo, relativo ó devandito convenio de colaboración

Xúntase copia do borrador do convenio de colaboración a suscribir

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2004

SUBDIRECTOR XERAL DE  
TELECOMUNICACIÓNS E AUDIOVISUAL

Asdo: Enrique Gonzalez Murga

ILMO SR. DIRECTOR XERAL DE UNIVERSIDADES DA CONSELLERÍA DE  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IGNACIO JOSÉ OTERO LÓPEZ, DIRECTOR XERAL DE  
COMUNICACIÓN SOCIAL E AUDIOVISUAL**

**CERTIFICA:**

Que pola banda do Consorcio de Bibliotecas Unversitarias de Galicia cumpríronse tódolos obxectivos fixados para o pagamento do importe do convenio de colaboración asinado por dita entidade e a Consellería de Cultura e Comunicación Social para a coordinación do proxecto de incorporación das bilbiotecas públicas a un sistema de multimedia de xestión bibliotecaria, cofinanciado por fondos FEDER, realizándose a plena conformidade desta dirección xeral

E para que conste, e dando cumprimento ó establecido no referido convenio, asino a presente en Santiago de Compostela, a dous de setembro de dous mil tres

